

Verbas para cen anos de Historia

Concurso de investigación sobre a Facultade de Xeografía e Historia

Co gallo da celebración neste ano 2022 do centenario da creación da súa Sección de Historia, a Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Xeografía e Historia da USC, co apoio do Servizo de Normalización Lingüística, convoca o concurso de investigación “Verbas para cen anos de Historia” coas seguintes

BASES

1. Os obxectivos do concurso son:

- Fomentar as investigacións sobre a Facultade de Xeografía e Historia.
- Promover enfoques novidosos e a construción de discursos propios a partir da consulta de fontes primarias (traballo de arquivo e/ou traballo de campo) e bibliografía.
- Promover a investigación e a comunicación científica de calidade en lingua galega nas súas vertentes escrita e audiovisual entre o alumnado do centro.

Máis concretamente, o obxectivo é que os estudantes investiguen sobre a situación da Facultade de Xeografía e Historia ao longo dos últimos cen anos (a evolución dos seus estudos, os cambios no inmoible e na contorna, o seu profesorado e/ou alumnado, etc.) e presenten os resultados deste traballo a través dun discurso persoal que se poderá concretar en dous formatos: escrito ou audiovisual.

2. O concurso está dirixido aos estudantes dos graos e mestrados que se imparten na Facultade de Xeografía e Historia do curso 2021-2022.
3. O concurso admite dúas modalidades de participación: ensaio escrito e vídeo. En calquera das dúas, os traballos deben ser inéditos e orixinais.

a) Modalidade de ensaio escrito

Extensión máxima: 4.000 palabras. Se o traballo excede este límite, será devolto ao autor/a, quen terá a posibilidade de refacelo se aínda está aberto o prazo do concurso.

Presentación dixital, en formato .doc /.odt

O ensaio debe ser de autoría única.

b) Modalidade de vídeo

Duración máxima: 10 minutos. Se o vídeo excede este límite, será devolto ao autor/a, quen terá a posibilidade de refacelo se aínda está aberto o prazo do concurso.

Presentarase en formato .mp4

Os vídeos confeccionados deberán subirse a unha canle de YouTube. A publicación das pezas farase baixo licenzas Creative Commons que obriguen a especificar a autoría e eviten obras derivadas e finalidades comerciais.

Cada vídeo pode ser elaborado por un máximo de cinco persoas, todas elas estudantes da Facultade de Xeografía e Historia.

4. Prazo e forma de presentación dos traballos: dende o día seguinte á publicación das bases do concurso ata o 15 de setembro de 2022, mediante un correo electrónico enviado á Comisión de Actividades Culturais e Normalización Lingüística da Facultade: historia.acnl@usc.gal, a cal chegará un xustificante da súa recepción.

No correo, con asunto “Concurso do centenario”, indícarase os datos de todas as persoas autoras: nome e apelidos, dni, teléfono de contacto, correo electrónico, e o curso e a titulación que estuda. Acompañarase o arquivo do ensaio escrito en .doc, .odt, e no caso dos vídeos, a ligazón válida ao vídeo en YouTube.

5. Comprobarase a condición de alumno/a dos participantes premiados. De non o seren, perderán inmediatamente o dereito ao premio.
6. Establécense tres premios para cadansúa modalidade de participación (ensaio escrito e vídeo):

1º premio: 500€

2º premio: 300€

3º premio: 150€

En ambas as categorías de premios acompañarase un diploma acreditativo.

Os premios poderán declararse desertos.

7. Un xurado, composto por unha profesora ou profesor da Facultade de Xeografía e Historia, unha persoa designada polo Servizo de Normalización Lingüística e unha persoa de fóra da USC, emitirá o seu ditame no mes de outubro.
8. Os criterios de valoración do xurado serán:

Modalidade de ensaio escrito: expresión correcta en lingua galega, redacción e estrutura adecuadas, contido orixinal (investigación propia con discurso persoal). Valorarase positivamente a interdiscipliniedade tendo en conta os tres graos impartidos actualmente na Facultade.

Modalidade de vídeo: expresión correcta oral e escrita en lingua galega, calidade do guión e da imaxe, orixinalidade (en canto a contido e plasmación audiovisual). Valorarase positivamente a interdiscipliniedade tendo en conta os tres graos impartidos actualmente na Facultade.

9. Os vídeos gañadores anunciaranse nas páxinas web da Facultade e do Servizo de Normalización Lingüística da USC. Ás persoas gañadoras comunicaráselles persoalmente por algún dos medios sinalados na presentación dos seus vídeos.
10. Os traballos gañadores poderán ser obxecto de publicación e difusión a través das redes sociais da Facultade e nas actividades derivadas do centenario.
11. A Facultade de Xeografía e Historia poderá organizar un acto de entrega de premios.
12. A organización poderá levar adiante aqueles cambios que considere axeitados para o mellor desenvolvemento do concurso, o que comunicará na súa web e nos seus perfís nas redes sociais.
13. A participación no concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases, así como a decisión do xurado, que será inapelable.